



CONCELLO DE REDONDELA

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENSINANZAS ESPECIAIS NOS ESTABELECIMENTOS DOCENTES DO CONCELLO (ESCOLA DE MUSICA E CONSERVATORIO)

Artigo 1.- Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, do 28 de decembro, e de conformidade o disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, este Concello acorda a imposición e ordenación da taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes municipais.

Artigo 2.- Feito impoñibel.

Constitúen o feito impoñibel da taxa a prestación dos servizos de ensinanzas especiais nos establecementos docentes municipais.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos.

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servicios ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

Artigo 4.- Responsabeis.

Serán responsabeis solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

Serán responsabeis subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5- Cota tributaria.

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6.- Beneficios fiscais.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.



Artigo 7.- Devengo.

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación dos servizos ou a realización das actividades, aínda que se poderá esixi-lo depósito previo.

Artigo 8.- Liquidación.

Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presentala solicitude de prestación para o primeirío período de liquidación, nos sucesivos liquidarase ao inicio de cada período de liquidación, en calidade de depósito previo (os períodos de liquidación veñen establecidos nas tarifas desta taxa: días, meses, curso académico, etc.).

Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que non se poida contificar no momento de presentala solicitude da prestación do servizo ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade en cada un dos períodos de liquidación (días, meses, curso, etc., consonte ao disposto na tarifa da taxa).

Se se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan axiña como se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abrilo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9.- Pagamento.

a) Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de prestar o servizo ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou da realización da actividade nas entidades bancarias que se sinalen na liquidación.

Con respecto ao pagamento das taxas referidas ao Conservatorio de Música contémplanse as seguintes posibilidades:

- Pagamento da totalidade do importe da taxa no momento de presentar a solicitude de matrícula.
 - Pagamento do 50% do importe total da taxa no momento de presentar solicitude de matrícula, 25% no mes de outubro e o restante 25% antes do día 10 de decembro.
 - Os beneficiarios das becas que establece o Concello pagarán o 25% do importe total da taxa no momento de presentar a solicitude de matrícula.
- b) Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servizo ou actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.



CONCELLO DE REDONDELA

Artigo 10.- Infraccións e sancións.

Nesta materia estarase ao disposto na Lei xeral tributaria e na normativa de desenvolvemento.

Disposición adicional única

Cando existan os convenios de colaboración aos que fai referencia o artigo 27.2 da Lei 39/88, do 28 de decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

Disposición final.-

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comenzará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a sua modificación ou derogación expresa.

Anexo

Tarifa:

1.- Escola de música.

- | | |
|-------------------------|--------------|
| a) Servizos xerais..... | 10,50 euros. |
| b) Curso completo..... | 24,50 euros. |
| c) Materias soltas..... | 10,50 euros. |

2.- Conservatorio.

Grao elemental:

- | | |
|-------------------------|---------------|
| a) Servizos xerais..... | 28,50 euros |
| b) Curso completo..... | 257,50 euros. |
| c) Materias soltas..... | 85,50 euros |
| Proba de acceso..... | 107,00 euros. |

Grao medio:

- | | |
|-------------------------|---------------|
| a) Servizos xerais..... | 28,50 euros. |
| b) Curso completo..... | 400,50 euros. |
| c) Materias soltas..... | 85,50 euros. |

3º e 4º curso:

- | | |
|-------------------------|---------------|
| a) Servizos xerais..... | 28,50 euros. |
| b) Curso completo..... | 472,50 euros. |
| c) Materias soltas..... | 85,50 euros. |



CONCELLO DE REDONDELA

5º e 6º curso:

- a) Servizos xerais.....28,50 euros.
- b) Curso completo.....544,00 euros.
- c) Materias soltas.....85,50 euros.

Cursiños:

- Cuota por cada cursiño.....2,50 euros.

Os alumnos que se matriculen por primeira vez no Conservatorio (para cada un dos seus graos) ou na Escola de música pagarán de 1ª inscripción 10,50 euros.

Publicacións Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra:

- BOP número 249, do 30.12.1998
- BOP número 137, do 18.07.2000
- BOP número 241, do 15.12.2003
- BOP número 247, do 27.12.2005